

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día dezaseis de decembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguineiro Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste, con escusa, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día 19 de decembro de 2021, aprobou a declaración de deserto do lote nº 1 (dous vehículos novos tipo M1 e N1) do expediente de contratación núm. 2021/C005/000011 correspondente á *“Subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) e N1 (furgoneta 5 prazas) e un vehículo novo 100% eléctrico tipo N1 (furgón 3 prazas)”*.

Igualmente, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 14 de decembro de 2021, acordou a declaración de deserto do expediente de contratación núm. 2021/C003/000012, mediante procedemento aberto simplificado, para o contrato de obra do *“Proxecto básico e de execución da remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre”*.

Tendo en conta que polos departamentos responsables se teñen elaborado dous novos expedientes para a licitación de ambas contratacións, que contan con dotación orzamentaria con cargo a aplicacións do vixente orzamento, o que fai preciso a súa urxente licitación co fin de que poidan ser tramitados Xunta.

Por esta Alcaldía considérase debidamente motivada a urxencia da convocatoria dunha sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local co fin de acordar a incoación dos citados expedientes de contratación.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C005/000016, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación (de apreciación automática), da “Subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) e N1 (furgoneta 5 prazas)”

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día dezanove de novembro de dous mil vinte e un, por unanimidade dos sete concelleiros que asistiron á sesión, acordou declarar deserto o lote nº 1 dos que integran a “Subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) e N1 (furgoneta 5 prazas) e un vehículo novo 100% eléctrico tipo N1 (furgón 3 prazas)” (expediente núm. 2021/C005/000011).

Con data do 15 de decembro de 2021, asínase pola enxeñeira técnica de Obras públicas municipal, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios e xustificación da elección do procedemento para a contratación da subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 e N1, dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes, e cun valor estimado de 40.484,00 euros e un orzamento base de licitación de 48.985,64 euros IVE incluído.

Con data 16 de novembro de 2021, asínase pola enxeñeira técnica de Obras públicas municipal o informe técnico relativo aos criterios de valoración e solvencia esixible aos licitadores, penalidades e condicións especiais de execución do contrato, e o mesmo día asínase o prego de prescricións técnicas particulares.

Consta Informe de Intervención emitido o 15 de decembro de 2021, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1532.62400.

Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa (apartado “elección do procedemento”) propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado (abreviado), outorgando un prazo de presentación de proposicións de 5 días hábiles por tratarse dunha compra corrente de bens dispoñibles no mercado. Isto, a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159.6 e seguintes da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental e interventor municipal, de data 15 de decembro de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, pola necesidade de equipar á Brigada de obras e servizos da Concellería de Obras e Servizos, así como aos vixilantes de obras da Concellería de Urbanismo, con medios para desprazamento na localidade para a execución das súas actuacións, sendo interese deste Concello a renovación da súa flota de vehículos, incorporando paulatinamente unidades que precisan dun consumo moito máis reducido, así como con baixos niveis de emisión de CO2, mellorando o aforro



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

no consumo de carburantes e sendo máis respectuosos co medio ambiente e cun obxectivo de ter a etiqueta ambiental cero como obxectivo deste Concello en toda a súa flota, compromiso este adquirido coa sinatura Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía (PACE). Con esto dáse cumprimento ás competencias que ten atribuídas o concello, de conformidade co establecido no artigo 25.2 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “. *outros equipamentos da súa titularidade*”), quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C005/000016, polo procedemento aberto simplificado establecido no artigo 159.6, con pluralidade de criterios de adjudicación de apreciación automática e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato:	Subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) e N1 (furgoneta 5 prazas), dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes: Lote 1: Vehículo eléctrico tipo turismo (M1) 4/5 prazas (20.829,42 € , IVE incluído). Lote 2: Vehículo eléctrico tipo furgoneta (N1) 5 prazas (28.156,22 € , IVE incluído).
- Orzamento base de licitación:	Total: 48.985,64 €
- Valor estimado:	40.484,00 €
- Duración:	Fíxase o 31 de xaneiro de 2022 , como data límite para que o licitador efectúe a subministración dos vehículos eléctricos e elementos complementarios e se asine a acta de recepción.

isto a teor do establecido nos artigos 131,159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 1532.62400.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato.

Quinto: Designar á técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría e a enxeñeira técnica de obras públicas municipal (ou persoas que as substitúan), como membros integrantes da unidade técnica á que se refire a cláusula 16.1 do PCAP.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3º.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000015, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación (de apreciación automática), da obra de “Remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre”

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 7 de xullo de 2021 asínase polos integrantes do estudio “Muñiz más Alfaya SLP”, o proxecto denominado “Proxecto básico e de execución da remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 63.497,83 € sen IVE, 76.832,37 € IVE incluído.

O dito proxecto ten por obxecto mellorar a mobilidade dos peóns, garantir a accesibilidade universal ao edificio do Concello e a contorna inmediata, e continuar coa posta en valor da contorna da Igrexa de Santa María de Cambre e do cruceiro, completando a relación entre os espazos públicos existentes. O ámbito de actuación deste proxecto é a praza situada entre o Concello de Cambre e o Campo da Feira.

Este proxecto corresponde coa fase III-A das actuacións proxectadas para a contorna, onde actualmente tense desenvolvido a mellora da Praza de Europa (fase II) e que continua con este proxecto para posteriormente concluír cunha nova actuación na rúa Rocón, sacando definitivamente a circulación rodada do campo da Feira, fase esta que se adianta neste proxecto (Fase III-B).

Con data do 15 de outubro de 2021 emítense informe urbanístico polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, no que se indica que é necesaria a autorización previa do Servizo de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Con data 05/10/2021 recíbese Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (expte. 2206/21) polo que autorizase a intervención, coa condición de non iniciar as obras mentres non sexa autorizado o Proxecto de Control e Seguimento Arqueolóxico que se ten que presentar.

Ademais, faise constar no citado informe que a actuación levarase a cabo sobre un solo municipal cualificado nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (BOP 222 de 27 de setembro de 1994) como Solo Urbano de Espazos Libres de dominio e Uso Público, e que o proxecto cumpre coas determinacións da normativa de aplicación sinaladas anteriormente, polo que a actuación, desde o punto de vista urbanístico, considerase viable.

Consta informe de conformidade e supervisión técnica a proxectos externos, emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 15/10/2021

O proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 19 de outubro de 2021.

Consta Acta de replanteo do proxecto, asinada polos redactores deste e máis polo arquitecto municipal, con data do 26 de outubro de 2021.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 15/12/2021 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 1532.61900, por importe de 76.832,37 euros.

Respecto do procedemento de adxudicación, no informe técnico emitido con data de 15 de decembro de 2021 propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP

Visto o informe emitido pola secretaria accidental e interventor municipal, de data 16 de decembro de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para a execución dunha obra coa que se pretende basicamente mellorar a mobilidade dos peóns, garantir a accesibilidade universal ao edificio do Concello e a súa contorna inmediata, e continuar coa posta en valor da contorna da Igrexa de Santa María de Cambre e do cruceiro, completando a relación entre os espazos públicos existentes.

Co contrato proxectado, o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (“o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “d) infraestructura viaria...”), tratándose ademais dun servizo mínimo obrigatorio en tódolos municipios segundo establece o artigo 26.1.a) da mesma Lei 7/1985, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C003/000015, polo procedemento aberto simplificado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares que se integra nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato:	Remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre
- Orzamento base de licitación:	Base imponible: 63.497,83 € Importe IVE (21%): 13.334,54 € Total: 76.832,37 €
- Valor estimado:	Base imponible: 63.497,83 € 20% (modificacións previstas do proxecto): Non procede Total valor estimado: 63.497,83 €
- Prazo de execución:	2 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131,159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 1532.61900.



Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Designar á técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría e a arquitecta técnica municipal (ou persoas que as substitúan), como membros integrantes da unidade técnica á que se refire a cláusula 15.1 do PCAP.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. Garcia Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López